


A programación das Radios Municipais Galegas

Ficha da nova

Enviar comentario

A AELG pide “responsabilidade” aos académicos trala dimisión de Ferrín

“Lamento a dimisión do Presidente da Real Academia Galega, o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, candidato da AELG dende hai 17 anos ao premio Nobel de Literatura, pola súa obra, e firme defensor do idioma galego e que se concretou presidindo unha Academia que tramitou o recurso a un Decreto que contiña medidas agresivas para o noso idioma e a súa planificación educativa”. Son as valoracións que achega Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), tras coñecer a renuncia de Ferrín á presidencia e á súa condición de membro numerario da centenaria institución da rúa das Tabernas da Coruña. O colectivo de autores manifesta ademais o seu temor perante a posibilidade de que a Academia fiquese paralizada e estrague algúns dos avances logrados nos últimos anos.



Cultura • 26/02/2013 • Autor: Redacción

O comunicado asinado por Cesáreo Sánchez en nome da AELG conclúe coas seguintes liñas: “Facemos un chamamento á responsabilidade dos académicos para que a institución á que teñen a honra de pertencer non sexa instrumento de intereses alleos á nosa cultura e ao noso idioma, que nada teñen que ver co fin para o que foi creada a Academia no seu día. E facémolles un chamamento a que se manteñan firmes na defensa do ensino en galego e a noso idioma, como se fixo nesta última etapa. Sería lamentábel que se apartase, como fixo no pasado, dos seus labores fundacionais.”